

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO



Presentación das actividades realizadas para a celebración

LETRAS GALEGAS 2024

Luisa Villalta



Video musical

Ven o vento e baila

Aquí presentamos o vídeo de homenaxe a Luísa Villalta, a través dunha canción que recolle textos que se enlazan musicalmente para achegarnos e presentala aos nenos e nenas da escola, ás familias e amigos.

O texto da canción é unha recompilación de versos dalgúns poemas de Luísa realizada pola Escola e Félix.

No violín un mozo magnífico chamado Luca. Grazas tamén a súa familia por facilitar este proceso creativo.

Na gravación deste vídeo contouse ca colaboración de familias da escola do grupo 2-3 anos e de todo o equipo educativo da escola.

Os poemas escollidos cantan a esta cidade, onde temos que poñer abrigo cando andamos polas rúas, nas que atopamos antenas e tamén, daquela o divertido tranvía. A canción invita a xogar co vento, e aproximarse ao Faro, e xogar con espellos...tal e como fixemos na propia Torre de Hércules e tal e como facemos na escola ca Torre de madeira que temos.

Este vídeo foi posible pola axuda de:

Xosé Luís na cámara e Charo, muller de 87 anos que borda flores, palabras e corazóns para a escola.

<https://www.youtube.com/?vwatch=1GRMkulXhug>




Aula 1-2 anos

1º "Facemos un pequeno percorrido polo cancionero das letras galegas da escola, relacionando e xogando co material e obxectos que se identifican con cada canción.

<https://youtu.be/N1zviSl00cg?feature=shared>

2º "Celebramos o día das letras galegas cantando e bailando a nosa canción adicada a Luisa Villalta"

<https://youtube.com/shorts/5T3TK86pmqQ?feature=shared>



Festa das Letras Galegas

Luisa Villalta

EIM MONTEALTO – EIM LUIS SEOANE

Hoxe, a actividade musical estivo dirixida ás dúas escolas, Monte Alto invitou a Luis Seoane a festexar a través da música, este día tan especial.

Luisa Villalta, escritora e violinista é presentada como unha nena/muller que goza da rúa, da xente, do vento e moi especialmente do Faro. O seu "violino" estivo presente a través da música de Luca e dun violín que Chus presta á escola para esta celebración.

Unha festa moi linda entre nenos e nenas e educadoras e persoas que diariamente convivimos e nos relacionamos. As celebracións son motivo sempre de baile, xogo e de relacións.



Actividade de colocar espellos na Torre de Hércules

Na canción “Ven o vento e baila” está recollido o texto no poema “Espello” da obra “En Concreto”

*“Poñeremos espellos no Faro
para anunciar unha
sublevación
e que as naves do futuro..”*



Biblioteca Verde



Mañá ,podedes atopar xa, dúas publicacións sobre Luísa Villalta, non hai de momento textos para tan cativos/as (0-3 anos), esto é o que temos para ofrecer para ler con eles/as na casa.

EXPOSICIÓN DE LIBROS DE LUISA VILLALTA POLO DÍA DO LIBRO NA ENTRADA DA ESCOLA.





A prensa recolle noso encontro na Torre

Hoxe "La opinión da Coruña" publica unha noticia sobre o encontro na Torre de Hércules con motivo da gravación que fixemos para crear o vídeo de presentación desta canción.

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2024/05/14/ninos-monte-alto-bailan-luisa-102337653.html>

A música na primeira infancia

Felix Arias é o músico que acompaña os proxectos da escola infantil municipal monte alto, xa contamos cun repertorio de cancións adicadas a celebración das Letras Galegas moi especial.

Un percorrido polo cancionero “Letras pequerrechiñas” é unha viaxe polas palabras de escritoras e escritores homenaxeados que son adaptadas para presentarse ante os nenos e nenas de estas primeiras edades.

[MÚSICA PEQUERRECHIÑA - YouTube](#)